



Victor Brais González Otero e Paulino Vázquez García proclámanse Campións Galegos de Cetrería en Baixo Voo e Sky Trial respectivamente

O pasado 28 de outubro de 2007 tiña lugar no Tecor da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia (Ourense) o VI Campionato Galego de Cetrería, que consta de dúas modalidades: Baixo Voo e Sky Trial.

Na modalidade de Baixo Voo participaban un total de 13 aves, sendo Antonio Rodilla Fernández o gañador da proba con 115 puntos. Segundo era Victor Brais González Otero con 91 puntos e, sendo o primeiro galego na clasificación, proclámase Campión. Terceiro da proba e subcampión galego era Alberto Joven Franco con 76 puntos.

CLASIFICACIÓN FINAL BAIXO VOO

Pos.	Cetreiro	Puntos
1º	Antonio Rodilla Fernández	115
2º	Victor Brais González Otero	91
3º	Alberto Joven Franco	76
4º	Pedro Antonio Sanjuán Martínez	69
5º	Antonio Paz Millán	57



Campión Galego de Baixo Voo

Na modalidade de Sky Trial participaban un total de 18 aves, sendo Eduardo Aranda Cenedilla o gañador da proba con 145 puntos. Segundo era Paulino Vázquez García con 68 puntos e, sendo o primeiro galego na clasificación, proclámase Campión. Terceiro da proba remataba Francisco Santos García García con 60 puntos.

CLASIFICACIÓN FINAL SKY TRIAL

Pos.	Cetreiro	Puntos
1º	Eduardo Aranda Cenedilla	145
2º	Paulino Vázquez García	68
3º	Francisco Santos García García	60
4º	María Dolores Rodríguez Castillo	37



Os mellores galegos de Sky Trial xunto co Vicepresidente da FGC, Rafael Sánchez Malvar